



20D: AS URNAS VOLVERON DICIR “ENCE-ELNOSA FÓRA”

O resultado das eleccións xerais decorridas o pasado domingo, como sucedera anteriormente nas municipais, volveu deixar as cousas claras. **As candidaturas que defenden a saída de Ence e Elnosa da Ría de Pontevedra venceron ao tandem PP-Ciudadanos.**

Foi así en Pontevedra e no conxunto dos concellos da Ría. Na nosa cidade, a suma dos votos de En Marea, PSOE e Nós fai máis de 26000 votos por algo máis de 21000 de PP e Ciudadanos. Se a isto engadimos os resultados nos demais concellos (Marín, Poio, Sanxenxo e Bueu) a cousa fica en case 46000 fronte a pouco máis de 42000. A cuestión non ten moita discusión, a xente quere Ence e Elnosa fóra.

No próximo Congreso **a maioría de representantes eleitas/os pola provincia de Pontevedra teñen o mandato de defender a derogación da unilateral e inaceptábel reforma da Lei de Costas imposta polo PP e a recuperación da nosa Ría coa marcha de Ence e Elnosa.**

Pero, máis aló desta consideración, na APDR queremos destacar algo que temos dito en moitas ocasións pero que agora, diante do descalabro do PP de Rajoy, vése reforzado. **O actual goberno en funcións non ten lexitimidade democrática para conceder ningunha prórroga a Ence.** Unha decisión tan trascendental, que responde a criterios políticos, non meramente técnicos, non pode ser tomada por un goberno ao que lle restan semanas de vida e cuxa actuación ven de ser rexeitada de maneira rotunda.

Querará Mariano Rajoy pasar á historia como o presidente que traizoou aos veciños e veciñas de Pontevedra hipotecando o seu futuro coa consolidación de Ence? Seguirá o PP a antepor o interese privado das empresas por riba do interese xeral?

A marcha de Ence aínda está nas nosas mans. Temos que impedir as artimañas do PP para recuperarmos a nosa Ría ambientalmente e economicamente fronte a quen quere privatizala e destruíla definitivamente.

Pola Xunta Directiva da APDR, asdo.: Anxo Torres

Pontevedra, 22 de Decembro de 2015